

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*RESOLUCIÓN do 28 de febreiro de 2019, da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, pola que se anuncia a designación das asociacións de pacientes que forman parte do Consello Asesor de Pacientes da Área de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.*

A Orde do 16 de outubro de 2018 regula a composición e o réxime de funcionamento dos consellos asesores de pacientes de área (DOG núm. 208, do 31 de outubro), e prevé a súa constitución para o ámbito territorial das áreas sanitarias.

A Lei 1/2018, do 2 de abril, no seu artigo 68 estrutura en áreas sanitarias a división territorial do Sistema público de saúde de Galicia, e entre elas establécese a Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

No mes de decembro de 2018 procédese á convocatoria para que as asociacións nas cales se agrupan os/as pacientes desta área sanitaria se poidan integrar no Consello Asesor de Pacientes de Área.

Unha vez examinadas as solicitudes presentadas polas asociacións de pacientes, xunto coa documentación requirida, procédese á comprobación do cumprimento do disposto na disposición adicional primeira da dita orde.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto na disposición adicional primeira da Orde do 16 de outubro de 2018 pola que se regula a composición e o réxime xurídico de funcionamento dos consellos asesores de pacientes de área,

#### RESOLVO:

Anunciar a designación das asociacións de pacientes que forman parte do Consello Asesor de Pacientes da Área de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras que se relacionan no anexo desta resolución.

Ourense, 28 de febreiro de 2019

Julio García Comesaña  
Xerente de Xestión Integrada de Ourense



**ANEXO**

Denominación	Domicilio social
Asociación de Enfermos/as de Crohn e Colite Ulcerosa de Ourense (Accu Ourense)	R/ Recaredo Paz, 1, 32005 Ourense
Asociación Española Contra o Cancro-Delegación Provincial de Ourense (AECC Ourense)	R/ Curros Enríquez, 26, 1º esquerda, 32003 Ourense
Asociación de Familiares de Alzheimer e outras Demencias de Ourense (Afaor)	R/ Nosa Señora da Saínza, 19, baixo, 32005 Ourense
Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica e Sensibilidade Química Múltiple de Ourense (Affou)	R/ Recaredo Paz, 1, 32005 Ourense
Asociación Galega de Hemofilia (Agadhemo)	R/ As Xubias de Arriba, 84, 4º, 15006 A Coruña
Asociación Galega de Linfedema, Lipedema, Insuficiencia Venosa Crónica e outras Patoloxías Vasculares Periféricas (Agl)	R/ Avda. López Ballesteros, 7, oficina 6, 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Asociación para a Loita contra as Enfermidades Renais de Ourense (Alcer Ourense)	R/ Recaredo Paz, 1, 32005 Ourense
Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia (Anedia)	R/ Sor Lucía, 4, 36002 Pontevedra
Asociación Ourenzá de Esclerose Múltiple, ELA, Párkinson e outras Enfermidades Neurodexenerativas (Aodem)	R/ Recaredo Paz, 1, 32005 Ourense
Asociación de Persoas Xordas de Ourense (Apsou)	R/ Ramón Cabanillas, 6, baixo e entresollado, 32004 Ourense
Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia (Aseia)	R/ Fonte do Monte, 2, baixo, 32004 Ourense
Asociación Diabética Auria (Auria)	R/ Dr. Fléming, 43, soto, 32003 Ourense
Asociación de Dano Cerebral Adquirido de Ourense (Renacer)	R/ Recaredo Paz, 1, 32005 Ourense
Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense (Discafis-Cogami)	R/ Recaredo Paz, 1, 32005 Ourense
Asociación de Persoas con Discapacidade da Comarca de Valdeorras e Asociadas (Disvalia)	R/ Ramón y Cajal, 32, 1º A, 32300 O Barco de Valdeorras (Ourense)
Asociación Down Ourense (Down Ourense)	R/ Francisco Huerta y Vega, 1, baixo esquerda, edificio Torreavía, 32004 Ourense
Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec)	R/ Solís, s/n, 15009 A Coruña
Liga Reumatolóxica Galega (LRG)	R/ Travesía Orillamar, 7, 15001 A Coruña
Asociación de Familiares e Enfermos Mentais Morea (AFEM Morea)	R/ Marcelo Macías, 5, baixo, 32002 Ourense
Asociación por Eles Tea Ourense (Petea)	R/ Alfredo Brañas, 13, 32001 Ourense

